

## Xosé María Castroviejo

Naceu en Santiago de Compostela o 9 de marzo de 1909 e morreu na súa casa de Tirán, en terras do Morrazo, fronte ó mar de Vigo, o 23 de marzo de 1983. Estudante famoso nos inquedados ambientes universitarios da Compostela republicana, licenciado en Dereito, dedicouse máis tarde á



docencia universitaria en Santiago. O periodismo foi a actividade literaria na que cultivou a poesía, a narración e o ensaio. Foi un viaxeiro infatigable polo mundo pero moi especialmente por Galicia que coñeceu como moi poucos e a cuio engrandecemento dedicou a práctica totalidade da súa obra literaria tanto en castelán, o que a fixo mais coñecida no resto de España e do mundo, coma en galego.

Varias das suas obras foron traducidas ós principais idiomas estranxeiros, algunhas logrando múltiples traducións que inclúen o chinés, o xaponés ou o checo. A obra de Xosé María Castroviejo foi fundamental para espallar a cultura galega fóra das nosas fronteiras e para dar a coñecer Galicia ós galegos e o

noso modo de vivir e de pensar entre povos e nacións moi distantes.

Foi un dos autores galegos mais leídos no seu tempo en España e nas américas onde tivo unha grande influencia intelectual que lle obrigou a viaxar ao outro lado do Atlántico moitísimas veces para dar cursos universitarios e conferencias. Como conferenciante e na conversa tiña Xosé María Castroviejo un don especial que facía un deleite falar con el e que convertiron en moi celebradas as súas charlas soio ou en compañía de outros escritores.

En 1933, para coñecer de verdade a mar e a vida dos mariñeiros con quen ía despois de compartir o resto da dúa vida, embárcase a bordo dun barco de pesca que faenaba nas augas de Irlanda, no *Gran Sol*. Xunto cunhas impresionantes fotografías de barcos, homes, galernas e tempestades, desta experiencia difícil de esquecer trouxo o seu primeiro libro, "*Mar del Sol, poemas de un diario a bordo*", publicado uns anos máis tarde, en 1940 ó terminar a *Guerra Civil*. Nel, con imaxes poéticas cautivadoras canta ó corazón do home lexos dos seus e ó esforzo heróico do mariñeiro fronte a unha natureza indomable.

Coma moitos homes e mulleres de letras, Xosé María Castroviejo síntese fondamente comprometido co seu tempo e participa na guerra civil sendo ferido gravemente en combate. Do seu paso polo fronte trouxo o seu segundo libro de poemas, "*Altura*", que acaba de ser en parte reeditado por Círculo de

Lectores baixo o título "*Todo en el aire. Versos sin enemigo*". Neste libro, que recolle obra de Xosé María Castroviejo e doutros autores de poemas de guerra como Miguel Hernández, Manuel Machado, Rafael Alberti, Luis Cernuda, Gerardo Diego, etc., o editor Gonzalo Santonja dí: " **En los poemas de estos hombres, ideológicamente tan distintos, nadie encontrará, sin embargo, apologías de la muerte, la destrucción y el odio..., estos versos nos pertenecen a todos..., como hombres, supongo, estarían a la altura de las circunstancias ; como poetas, al menos en estos versos, estuvieron por encima**".

Este libro de poemas "*Altura*", ten un importante significado para coñecer a Xosé María Castroviejo, home independente e politicamente libre, pois foi feito no fronte e editado en 1939, data en que tiña especialísimo valor publicar, como fai, un espléndido cántico alexiaco a Federico García Lorca, posiblemente o primeiro en letra impresa na España da postguerra, nun desafío, moi único, a calquera forma de censura coma a que había entonces.

En 1938, convalecente das feridas da guerra, casa con Doña María Francisca Bolívar Sequeiros, nacida en Bueu, Pontevedra, e pouco despois van vivir a Tirán donde vai residir ata a súa morte en 1983. Do matrimonio van nacer 11 fillos: Carmen, finada en 1942, cando tiña tres anos, Javier, José María, Clara, Santiago, Ricardo, Concha, Teresa, María Francisca -historiadora, autora de "El carlismo en Galicia", finada en 1976 cando cumpría os 23 anos-,

María e Miguel. Actualmente viven nove, un pouco espallados polo mundo pero cunha unión estreita, constante, con Tirán que visitan moi frecuentemente e donde continúa a residir Doña María Francisca.

Xosé María Castroviejo foi un home humanamente íntegro, profesionalmente independente e politicamente libre. Tivo ocasións bastantes de demostralo, e ben pronto, como cando houbo de deixar a dirección do diario de Vigo "**El Pueblo Gallego**" por non quererse conformar ás directrices da censura que dominaba a vida española dos anos cuarenta. O seu cese, ben costoso personalmente, convertiuse nun exemplo de ética profesional e de independencia persoal.

Xosé María Castroviejo foi un precursor na defensa da natureza e da protección do medio ambiente, uns valores que el soubo transmitir. Defendéunos con tesón dende os periódicos, cos seus artigos diarios, con conferencias, con libros e con xestións personais ante múltiples instancias. Hoxe pode parecer normal, pero nos seus tempos costoulle máis dun disgusto. Diversos sectores económicos e industriais trataron de presentalo coma oposto o adianto cando él non se cansaba de predicar, entón, o progreso que hoxe todos chamamos sostenible e harmonioso.

Dunha persoa independente non é fácil dar definicións, Xosé María Castroviejo é "gallego y aun galleguista" para Gonzalo Santonja. Para a maioría dos seus lectores o autor de Tirán é o embaixador por excelencia namorado da Galicia nosa. Como

escritor en lingua galega, compre destacar no seu libro de versos titulado "Tempo de outono e outros poemas", a visión poética dun observador excepcional. E outro titulado "Memorias dunha terra", narracións escritas nunha prosa brillante e de grande plasticidade ; trátase dunha obra de lembranzas que a literatura transforma nunha arte sinxela e gozosa, amable e tranquila.

Xosé María Castroviejo posúe no grao máximo o don da evocación, a sua linguaxe é sempre significativa e sempre suxestiva. Alto poeta de apaixonada expresión, cantou o mar maior e o misterio da morte e da vida. Quen acompañe a Xosé María Castroviejo polos camiños de Galicia, levará con el un mentor incomparable que o enriquecerá coa sua música e coas súas verbas.

A Castroviejo dedicáronlle "A Costa do Cuco", chamada agora "Avenida Castroviejo", porque el sempre baixaba camiñando por alí.